


TEATRO



T
crítica



De mulleres e de intelixentes

Inma López Silva

Inversa Teatro é unha das compañías *con contido*, neste caso, feminista, que irrompeu nos últimos

anos no panorama teatral galego facendo unha proposta contemporánea que procura construir linguaxes teatrais capaces de dar conta do universo feminino e da súa situación nunha sociedade actual que, nese, como noutrous moitos aspectos, é contraditoria.

PAPER DOLLS

Dirección e dramaturxia: Lola Correa
Compañía: Inversa Teatro
Intérpretes: Marta Pérez, Vanessa Sotelo
Escala: Inversa Teatro
Audiovisual: Manu Paz, Adrián Figueroa, Sara Iglesias, Carla Piñeiro

corre nesa liña de reflexión, tratando de expresar cunha linguaxe fresca e pretendidamente contemporánea, a través dun equipo teatral integramente feminino, os tabús, as emocións, as situacións e os compromisos de calquera muller hoxe, aquí e agora. Inversa, por tanto, ofrécenos un exemplo de algo que xa comentei neste mesmo espazo noutras ocasións: a capacidade da teatralidade contemporáneo para albergar os discursos habitualmente ausentes dun teatro galego aferrado, en todos os sentidos, aos canons tradicionais do teatro e a súa organización.

A violencia é, probablemente, a obsesión feminina que guía toda a peza. Ou quizais sería mellor falar de *violencias* coma formas de opresión ás veces evidentes e ás veces sutilissi-

mas que a sociedade actual verte sobre a muller como forma de control e mesmo de sometemento. Lola Correa, coma directora, parte desas violencias múltiples, ben artelladas desde a estética visual do espectáculo, para indagar permanentemente nos límites da ficción, nas propias consecuencias interpretativas do asunto sobre as actrices e, en última instancia, sobre un público que, permanentemente obrigado ao distanciamiento, non é quen de sair indiferente.


A interpretación das dúas actrices, Vanessa Sotelo e Marta Pérez, xa que logo, e como non podería ser doutro xeito, desenvólvese nas fronteiras entre persoa e personaxe, a través dun exercicio permanente de construcción dos elementos visuais e formais

que contribúen a que o espectador, incapacitado para unha identificación tradicional co personaxe, decodifique outras formas de expresión e, por tanto, comprenda desde outros puntos de vista, más racionais, as cuestiós que se lles propoñen no escenario. As actrices, por iso, son mulleres-fatais, mulleres-homes, mulleres-obxecto, mulleres-emoción, mulleres-sexo, mulleres-vida e mulleres-morte, nun constante e fragmentario ir e vir de tipos destipificados a través dunha interpretación contraria á xénese dun personaxe ao uso.

Non quixera esquecer un elemento valioso que enriquece este espectáculo: un documental arredor da súa feitura que se proxecta a continuación do propio espectáculo e que axuda a entender o esquema de traballo da compañía e, neste caso, da directora Lola Correa. Entreténdose, ás veces de máis, en cuestiós más accesorias, o documental tenta espir o *backstage* tanto da propia feitura técnica do teatro como da xénese dos conceptos e as ideas que logo se visualizarán na peza.

Paper Dolls é un espectáculo que demostra que é posibel tratar os tópicos sen caer neles, alén de tratar sobre o 'machismo imperante' sen necesidade de perpetuo, falacia do pensamento androcéntrico que tenta xustificar, así, un xogo de machismo á perpetuidade sen que nada poida ser feito para romper esa inercia. Mais Inversa, con este *Paper Dolls*, demostra que, falando de mulleres desde a sinceridade e con intelixencia, o mundo, por suposto, pode mudar para mellor.

**Antonio Piñeiro
AS FIANDEIRAS**



LITERARIA
Premio García Barros 2011

**César Morán
HABERÁ PRIMAVERA**



INCLÚE 2 CDs

**Fernando Díaz-Castroverde
MICROBIOS E OUTROS PAQUIDERMOS**




LITERARIA
Premio Repsol 2011

**Xosé Carlos Caneiro
DESPÓS DETI, A CHUVIA**



INCLÚE CD



**Manrique Fernández
DIABOLUS IN MUSICA
CONVERSAS CON
ROGELIO GROBA
MEMORIA
Inclúe CD**